

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARRAL

*Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de cinco prazas de obreiro/a (estabilización), nomeamento dos membros do tribunal e data da primeira sesión do tribunal*

#### ANUNCIO

**Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de cinco prazas de obreiro/a (estabilización), nomeamento dos membros do tribunal e data da primeira sesión do tribunal**

Mediante decreto da alcaldía 466/2024, do 13 de novembro de 2024, **RESOLVEUSE:**

**PRIMEIRO.-** aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de cinco prazas de obreiro/a (grupo V do persoal laboral fixo) como segue:

Relación definitiva de persoas admitidas:

INTERESADOS	DNI	EXENTO GALEGO
López Santiso, José Francisco	***0056**	SI
González Naveira, Juan Manuel	***1878**	SI
Cacheiro Fariña, José Manuel	***9727**	NON
Campelo Pérez, Miguel Ángel	***6615**	SI
Manteiga Montes, Marcos Antonio	***9456**	SI
Golpe Lagos, Andrés	***5600**	NON
Carro Presedo, José Martín	***0275**	NON

Relación definitiva de persoas excluídas:

Ningún/ha

**SEGUNDO.-** Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo coa seguinte composición, o cal debe facerse público aos efectos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

<b>Presidenta</b>	<b>Títular:</b> D <sup>a</sup> Sonia Campos Ares, técnica de Administración Xeral do Concello de Carral. <b>Suplente:</b> D <sup>a</sup> Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.
<b>Secretaria</b>	<b>Títular:</b> D <sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Carral. <b>Suplente:</b> D <sup>a</sup> Silvia Aramburo Vázquez, tesoureira do Concello de Carral-Bergondo-Abegondo.
<b>Vogais</b>	<b>Titulares:</b> D <sup>o</sup> Iván García García, conserxe do Concello de Carral. D <sup>a</sup> Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda. D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Dolores Pinilla López, auxiliar administrativa do Concello de Carral. <b>Suplentes:</b> D <sup>o</sup> Manuel Ares Barbeito, conserxe do Concello de Carral. D <sup>a</sup> Balbina Fuentes Aradas, auxiliar administrativa do Concello de Carral. D <sup>o</sup> Luís Miguel Méndez Oro, auxiliar técnico de obras do Concello de Carral.

**TERCEIRO.-** Fixar para o vindeiro 18 de novembro de 2024, ás 10:30 horas, no salón de plenos da Casa do Concello de Carral, a primeira sesión do tribunal cualificador (constitución). A continuación procederá á valoración da fase de concurso. A persoa proposta para a obtención da praza que non posúa o título acreditativo de galego correspondente ao Celga 2 será convocada a través de anuncio publicado na sede electrónica do Concello de Carral para a realización da mesma. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo e a seguinte coa puntuación de méritos máis alta será proposta para a obtención da praza.

**CUARTO.-** Publicar a parte resolutiva deste decreto no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carral sito na páxina web.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a alcaldía no prazo dun mes ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses, en ambos casos o prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no boletín oficial da provincia. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos/ás aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpran algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

Carral, 13 de novembro de 2024

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/8085